



LENDO  
AVANZAMOS NA  
IGUALDADE

LENDO  
AVANZAMOS NA  
IGUALDADE

LENDO

**LENDO AVANZAMOS NA IGUALDADE**

IGUALDADE

**GUÍA DE LITERATURA  
INFANTIL E XUVENIL  
NON DISCRIMINATORIA**

LENDO  
AVANZAMOS NA  
IGUALDADE

LENDO  
AVANZAMOS NA  
IGUALDADE

**XUNTA DE GALICIA**

# OBRAS RECOMENDADAS

## RELACIÓN DE OBRAS DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL INTERESANTES DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO



"*Toda lectura está presidida -por moi inhibido que un ou unha sexa- polo pracer de ler; e pola súa propia natureza, o pracer de ler -este gozo de alquimista- non ten nada que temer dá imaxe...*

*Pero se se perdeu o pracer de ler (se, como din, o meu fillo, a miña filla, á mocidade, non lles gusta ler), non todo está perdido.*

*Tan só extraviado.*

*Témolo fácil de atopar.*

*O que necesitamos é saber por  
qué camiños procuralo."*

*Daniel Pennac:*

*Como unha novela, 1992.*

### SEMINARIO PERMANENTE DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE



GALEGO DE  
IGUALDADE

Praza de Europa, 15 A, 2º

Área Central, As Fontiñas

15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 54 16 18

Fax: 981 54 53 65

Correo-Electrónico: [sgpihm@xunta.es](mailto:sgpihm@xunta.es)

Páxina web: <http://www.xunta.es/auto/sgi>



## ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL (0-6 AÑOS)

- N. Carlson: NINA BAILARINA
- D. Mckee: NO QUIERO EL OSITO
- S. Hughes: MI BAÑO CALIENTE  
GRANDE O PEQUEÑO  
CON ZAPATOS NUEVOS  
MIRA LOS COLORES  
VÁMONOS AL PARQUE  
¡QUÉ RUIDO!
- T. Ross: QUIERO EL TITO
- M. Company: VAMOS DE EXCURSIÓN  
NOS DIVERTIMOS ASÍ  
VAMOS A LA NIEVE  
YA VAMOS A LA ESCUELA  
HACEMOS DEPORTE  
CONSTRUIMOS UNA CIUDAD  
HACEMOS MÚSICA  
HACEMOS NEGOCIOS
- V. Frías: TRIFASIA Y SU VUELTA AL MUNDO
- Pía Vilarrubias: BUENOS DÍAS  
BURBUJAS  
DE PASEO  
DÉJAME JUGAR  
LA ESCUELA  
DE EXCURSIÓN
- Carme Solé: LA CAJA
- Marta Balaguer: EL CUENTO



## PRIMEIRO CICLO PRIMARIA (6-8 años)

- Alcántara, R.: ¿QUIÉN AYUDA EN CASA?
- Álvarez Núñez, Sabela: ADIVIÑAS DE PAPEL
- Balzola, Asun: MUNIA Y LA LUNA
- Bleguad, Lenore: ANA BANANA Y YO
- Bruel, C.: QUIEN LLORA
- Butterworth. Nick: MIÑA NAI É FANTÁSTICA
- Cole, Babette: TARZANA
- Córdoba, Isabel: ADA NUNCA TEN MEDO
- Damon, Emma: CADA UNO ES ESPECIAL
- Finne, A.: BILLY Y EL VESTIDO ROSA
- Ginesta, Montse & Mestres, Lluís:  
EL SOMBRERO DE JUAN
- Jeram, A.: INES DEL REVÉS
- Maceiras, Lourdes: RABIBRANCA
- Mebes, Mavión: NI UN BESITO A LA FUERZA
- Prim, Esther:  
A AVOA PEPA E O COCODRILO QUE QUERÍA SER TREN
- ReesinK, Marijke: LA PRINCESA QUE SIEMPRE SE ESCAPABA
- Schidt, A.: LOS INSEPARABLES MILA Y YACO
- Vila, Montserrat: SOY MAYOR
- Yeoman, J.: LA REBELIÓN DE LAS LAVANDERAS
- Zatón, Jesús: UNHA EXCURSIÓN AO PAÍS DAS FADAS

de  
**6 a 8**



## SEGUNDO E TERCEIRO CICLO PRIMARIA (8-12 anos)

- Agostinelli, Enrica:  
CAPERUCITA ROJA, VERDE, AMARILLA, AZUL Y BLANCA
- Aleixandre, Marilar: A FORMIGA COXA
- Alvarez Núñez, Sabela: A NENA INVISIBLE
- Alvarez, Núñez, Sabela: O REI DE NADA
- Bird, Malcom: MANUAL DAS BRUXAS
- Bojunga, Lygia: EL BOLSO AMARILLO
- Bröger Achim: A AVOA E MÁIS EU
- Browne, A.: EL LIBRO DE LOS CERDOS
- Casalderrey, Fina: UNHA PANTASMA BRANCA
- Cermeño, J. L.: MI TÍA ES VERDE
- Cermeño, J. L.: A MIÑA TÍA É VERDE
- Fernández Paz, Agustín: A CIDADE DOS DESEXOS
- Heinze, Úrsula: A NENA DE OURO
- Heinze, Úrsula: SEMPRE CRISTINA
- Nöstlinger, Christine: MIMÍ SE VA A LA PLAYA
- Nöstlinger, Christine: QUERIDA AVOA... A TÚA SUSI
- Nöstlinger, Christine: QUERIDA SUSI, QUERIDO PAUL
- Nöstlinger, Christine: ROSALINDE TIENE IDEAS EN LA CABEZA
- Paola, Tomie de: OLIVER BUTTON ES UN NENA
- Torrens, Revee: BERTA DE LAS OCAS
- Turín, Adela: ARTURO Y CLEMENTINA
- Turín, Adela: CAÑONES Y MANZANAS
- Turín, Adela: EL OVILLO BLANCO
- Turín, Adela: HISTORIA DE LOS BONOBOS CON GAFAS
- Turín, Adela: HISTORIA DE UNOS BOCADILLOS
- Turín, Adela: LA CHAQUETA REMENDADA
- Turín, Adela: LA HERENCIA DEL HADA
- Turín, Adela: LA MANO DE MILENA
- Turín, Adela: LAS CAJAS DE CRISTAL
- Turín, Adela: LOS GIGANTES OREJUDOS
- Turín, Adela: NUNCAJAMÁS
- Turín, Adela: ROSA CAMELO
- Turín, Adela: UNA FELIZ CATÁSTROFE
- Turín, Adela: VIOLETA QUERIDA
- Tusquets, Esther: LA CONEJITA MARCELA
- Welsh, Renate: MELANIA Y LA FÓRMULA MÁGICA

de

8 a 12



## PRIMEIRO CICLO EDUCACIÓN SECUNDARIA (12-14 anos)

- Aleixandre, Marilar: O RESCATE DO PENEIREIRO
- Balzola, Asun: LA CAZADORA DE INDIANA JONES
- Boie, Kirsten: TODO CAMBIÓ CON JAKOB
- Boullosa, Palmira: A PRINCESA LÚA E O ENIGMA DE KIAN
- Carrol, Lewis: ALICIA DO OUTRO LADO DO ESPELLO
- Carroll, Lewis: ALICIA NO PAIS DAS MARABILLAS
- Dahl, Roald: MATILDA
- Fernández Paz, Agustín: AS FLORES RADIATIVAS
- Fernández Paz, Agustín: RAPAZAS
- George, Jean C: JULIE Y LOS LOBOS
- Gripe, María: A FILLA DO ESPANTALLO
- Hautzig, Deborah: ¡QUÉ PASA, MUÑEQUITA!
- Martín Gaité, Carmen: CAPERUCITA EN MANHATTAN
- Montero, Rosa: EL NIDO DE LOS SUEÑOS
- Natharison, Laura: EL PROBLEMA DE TODOS LOS MIÉRCOLES
- Nöstlinger, Christine: GRETCHEN SE PREOCUPA
- Nöstlinger, Christine:  
KONRADO O EL NIÑO QUE SALIÓ DE UNA LATA DE CONSERVAS
- Nöstlinger, Christine: YO TAMBIÉN TENGO UN PADRE
- Pansenrang, Gudrun: LA TRAIORA
- Pedrolo, Manuel de: MECANOSCRITO DEL SEGUNDO ORIGEN
- Scott O'Dell: ALEXANDRA
- Turín, Adela: EL OVILLO BLANCO
- Turín, Adela: ROSA CARAMELO
- Turín, Adela: VIOLETA QUERIDA
- Tusquets Esther: LA CONEJITA MARCELA
- Vázquez Freire, Miguel: A MALVADA MARIA XOSÉ
- Vieira, Alice: OS OLLOS DE ANA MARÍA
- Vieira, Alice: VIAXE Á RODA DO MEU NOME
- Vieira, Alice: ROSA, MIÑA IRMÁ ROSA
- Villar Janeiro, Helena: VIAXE A ILLA REDONDA
- Von der Grun, M.: FEDERICO Y FEDERICA
- Wölfel, Úrsula: TREINTA HISTORIAS DE TÍA MILA

de  
**12 a 14**



## SEGUNDO CICLO EDUCACIÓN SECUNDARIA E POSTOBRIGATORIA (máis de 14 anos)

- Aleixandre Marilar: EXPEDICIÓN Ó PACÍFICO
- Aleixandre Marilar: A BANDA SEN FUTURO
- Baquedano, Lucía: DE LA TIERRA A HALEY
- Casalderrey, Fina: A MÁSCARA DE PALMA
- Fernández Paz, Agustín: O CENTRO DO LABIRINTO
- Franca/Jacobo/Dario Fo: TENGAMOS EL SEXO EN PAZ
- Gripe, María: EL ABRIGO VERDE
- Gripe, María: OS ESCARAVELLOS VOAN Á TARDIÑA
- Heine, Isolde: CITA EN BERLIN
- Lianas, Genma: ASÍ ES LA VIDA, CARLOTA
- Martín Gaité, Carmen: EL CASTILLO DE LAS TRES MURALLAS
- Mastreta, Angeles y Serrano, Marcela:  
ANTIGUA, VIDA MIA
- Mopherson, Ann & Macfrlane, A.:  
EU TAMÉN SON MANIÁTICA
- Moreno, M<sup>a</sup> Victoria: ANAGNÓRISE
- Neira Cruz, X. A.: VALDEMULLER
- O'Dell, Scott: LA ISLA DE LOS DELFINES AZULES
- Osorio, Elsa: A VEINTE AÑOS LUZ
- Pedrolo, Manuel de: MECANOSCRITO DA SEGUNDA ORIXE
- Queizán, M<sup>a</sup> Xosé: O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA
- Regás, Rosa: LA CANCIÓN DE DOROTEA
- Stephanie: CALACÚS CON CHOCOLATE



**LENDO AVANZAMOS NA IGUALDADE**





*"Ninguén poderá dicir cántas enerxías, cántas calidades son destruídas no proceso de integración forzada das nenas e dos nenos ós esquemas masculinos e femininos tal e como se conciben na nosa cultura. Ninguén saberá dicir qué podería chegar a ser unha nena se non atopase no camiño do seu desenvolvemento tantos obstáculos insuperables, postos alí exclusivamente por mor do seu sexo".*

*Elena Gianini Belotti: A favor de las niñas (1978).*

EDITA: XUNTA DE GALICIA.  
SEVICIO GALEGO DE IGUALDADE.

DESEÑO: Mabel Aguayo.

IMPRIME: Rías Baixas Punto Gráfico, S.L.

DEP. LEG.:

## PRESENTACIÓN.

---

---

---

Os modelos femininos e masculinos que perduran na literatura infantil e xuvenil, que sabemos é preciso revisar desde o exercicio de dereitos como a igualdade, a xustiza e a solidariedade entre homes e mulleres, lévanos a presenta-la publicación *Lendo avanzamos en igualdade: Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria* na que se inclúen reflexións que de seguro facilitarán a orientación, desde criterios non discriminatorios, de momentos de lecer como os dedicados polo alumnado á lectura recreativa.

Non esquecendo a contribución que ó desenvolvemento do valor da igualdade seguen a realizar, desde a súa liberdade creativa, autoras e autores no SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE, queremos someter á consideración de quen consulte esta guía unha realidade que coidamos que é posible e preciso contemplar na literatura, pensada para gozo e crecemento de alumnas e alumnos.

En calquera caso, intentarase continuar avanzando colectivamente na superación do sexismo sen descoida-la incorporación do colectivo feminino á arte literaria, desde a valoración e a consideración que a súa contribución e participación na sociedade en xustiza require.

Aurora Montes Santa-Olalla

DIRECTORA XERAL DO  
SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE

María Pilar del Mar Pérez Marsó

DIRECTORA XERAL DE  
ORDENACIÓN EDUCATIVA E  
FORMACIÓN PROFESIONAL





"A historia é a historia da estirpe masculina, non da feminina. Dos nosos pais sempre sabemos algún feito, algún trazo distintivo. Foron soldados ou mariños, desempeñaron tal cargo ou elaboraron tal lei. Mais, ¿que queda das nosas avoas, das nosas bisavosas...? Nada, agás certa tradición. Unha era fermosa, outra loira (...) Nada saberemos delas, agás os seus nomes...".

Virginia Wölf: *Las mujeres y la literatura*.

## HISTORIA.

### Breviario histórico da literatura infantil e xuvenil.

A creación literaria participa do momento histórico que a ve nacer, e é por isto que non é posible analiza-la literatura e, en maior medida, a literatura infantil e xuvenil, á marxe dos fenómenos sociais, históricos e culturais que lle deron vida.

A literatura infantil e xuvenil nace en Europa como xénero específico; isto é, dirixíndose unicamente ó público infantil, na segunda metade do século XVIII, cando a burguesía, na súa afirmación como clase social, define e reforza a familia na súa función socializadora.

Ata este momento, durante o moi reducido período da vida dunha persoa como era a súa infancia, existía unha "comunidade de xogo" entre as persoas adultas e as criaturas. Durante séculos, a socialización de nenas e nenos, a transmisión de valores, de normas e de coñecementos producíanse, na súa coexistencia coas persoas adultas, mediante unha aprendizaxe directa. De feito, por exemplo na Idade Media, ó igual que non había xoguetes infantís a partir dos cinco ou seis anos, tampouco había unha literatura especificamente escrita para esta etapa da vida, agás obras extraordinarias como *Ad usum Delphini*, destinadas á educación dos príncipes.

Posteriormente, cando nenas e nenos se convierten en integrantes fundamentais do núcleo familiar e son proclamados "seres puros e inocentes" que deben ser arredados do mundo adulto, faise preciso contempla-la súa aprendizaxe de xeito específico e será entón cando a literatura infantil naza e farao cun fin didáctico e moralizante expreso.

Se a literatura popular fose patrimonio de nenas, de nenos e de persoas adultas, a partir do momento en que a infancia *cobra valor propio* -segunda metade do

século XVIII- xorde a literatura infantil e xuvenil como un xénero específico e desde os seus comezos será un axente de socialización privilexiado. Esa literatura reflectirá, pois, modelos sociais e os papeis de xénero que o novo núcleo familiar necesitaba transmitir e que hoxe sabemos inxustos e discriminatorios para homes e mulleres.

Na súas primeiras etapas, este xénero literario que tal vez non deberíamos nin sequera considerar como arte dado o seu didactismo, moralismo e sexismo, constitúe un excelente vehículo de transmisión do modelo cultural imperante e un medio de aprendizaxe para nenas e nenos; isto é, concíbese como un apoio á socialización e integración cultural dos cativos, máis que como unha produción pensada como creación para o propio lecer infantil.

Os cambios acontecidos na segunda metade do século XX para os colectivos de xénero e, en especial medida para o colectivo feminino, deixaron tamén a súa pegada na literatura e no xénero infantil e xuvenil. Unha maior liberdade de creación artística substitúe progresivamente a abundancia de comentarios didácticos e de máxima que presidían as obras literarias ata este momento.

Pouco a pouco, a obra literaria infantil e xuvenil foise desprendendo do didactismo e da súa función pedagóxica á que estivo supeditada, aínda que seguirá inamovible a súa función de transmitir e confirmar “modelos estereotipados” de xénero.

En boa medida, a imaxe que perdura das mulleres na literatura infantil e xuvenil contemporánea non só propón novos valores para a humanidade senón que, como analizaremos no seguinte apartado, tamén transmite modelos de xénero escasamente diferentes ós que ofrecían os contos de fadas da literatura clásica. Así, na actualidade, as protagonistas femininas seguen aumentando en número e incorporando á creación literaria valores androcéntricos que asumen como propios e que en definitiva, as conduce a asimilar e a reproducir acriticamente o seu papel tradicional de xénero.

Estamos, xa que logo, diante dunha función que a literatura como recreación artística da cultura non esqueceu. Temos ante nós a posibilidade de supera-la discriminación do colectivo feminino, propia dunha cultura sexista e androcéntrica.



*Cada cultura diseña diferentes mecanismos para ofrecérno-lo modelo ideal que deben seguir homes e mulleres.*

É a partir dos anos setenta cando se produce unha aceleración das actitudes críticas sobre a imaxe que das mulleres ofrecían os libros de literatura infantil e xuvenil.

A partir do ano 1975, declarado pola UNESCO Ano Internacional da Muller, pónense en marcha moitas iniciativas para crear outro tipo de literatura radicalmente diferente, con arquetipos femininos cos que as nenas se puidense identificar, desde a súa propia valoración e independencia.

Así, nace en Italia (1975) a coidada colección *Della parte delle bambine*, con textos de Adela Turin como autora, directora e animadora da editorial. Un ano despois, en 1976, estes libros serán editados en España. Algúns destes títulos marcaron historicamente a orientación do cambio que se comezaba a producir: *Arturo y Clementina* (1976), *Historia de bonobos con gafas* (1976), *Historia de unos bocadillos* (1977), *Rosa caramelo* (1978), *Planeta Mary 2019 de la era cristiana* (1980), *La chaqueta remendada* (1980), *Las hierbas mágicas* (1980)...

A partir deste momento, e en boa parte das liñas trazadas por estas obras literarias, deriváronse consideracións de gran relevancia para a igualdade entre os xéneros e no momento actual están abertas novas liñas de investigación creativa. Deste xeito, xorden novos interrogantes relativos a cómo intentar supera-lo sexismo na literatura infantil e xuvenil, cómo ir máis alá da simple incorporación de personaxes femininas aínda cando sexan as protagonistas ou cómo adentrarse, a través destas, na representación dun sistema de valores non estereotipados nos que teñan cabida outros modelos de vida, afectividade e convivencia, e nos que sexa posible recoñecer e valora-las calidades e os trazos femininos.

A partir destes títulos xurdiron outras obras de literatura infantil e xuvenil nas que, ademais de presentar protagonistas femininas, estas preséntanse como persoas libres de estereotipos tradicionais de xénero, independentes, seguras, emprendedoras e solidarias.

Autoras como Ursula Wölfel, Kate Wow Roeder-Guadeberg, María Gripe, Monserrat del Amo, Armonía Rodríguez, Lucía Baquedano, Mercè Torrents, Christine Nöstlinger, Lygia Bojunga Nunes, etc. foron as primeiras creadoras da maioría destas nenas protagonistas, valentes e decididas de seu.

Nesta mesma liña, cómpre salienta-las seguintes obras: *Rosalinde tiene ideas en la cabeza* (1.984) de Christine Nöstlinger; *Quién llora* (1977) de Anne Bozallec; *Clara, la niña que tenía sombra de chico* de Christian Bruel; *Oliver Button es una nena* (1979) de Tomie de Paola; *Berta de las ocas*, de Mercè Torrents; *De la tierra a Halley*, de Lucía Baquedano; *El castillo de las tres murallas*, de Carmen Martín Gaité; *Caperucita en Manhattan* (1990) de Carmen Martín Gaité ou *El bolso amarillo* (1976) de Lygia Bojunga Nunes.

En Galicia prodúcese, por estas mesmas datas, unha renovación creativa na mesma liña. O primeiro conto feito conscientemente "a favor das nenas" e que

ten a importancia histórica de se-la primeira creación de literatura infantil galega claramente antisexista, segundo recolle Carmen Blanco en Literatura galega da muller é *Ela era unha princesiña*, de Sabela Álvarez Núñez, publicado na obra colectiva *Folerpas*, no ano 1987.

*A formiga coxa* (1989), *O rescate do peneireiro* (1990), *A expedición do Pacífico* (1994) de Marilar Aleixandre son exemplificacións dunha autora galega que traballará conscientemente neste terreo en toda a súa prolífica obra, dirixida ás diferentes idades. Helena Villar Janeiro, Fina Casalderrei, Ana M<sup>a</sup> Fernández, Palmira G. Boullosa, M<sup>a</sup> Victoria Moreno ou M<sup>a</sup> Xosé Queizán e Gloria Sánchez son autoras que tamén hai que ter en conta e considerar axeitadamente, dada a súa ampla obra.

Na actualidade, e nesta mesma liña, tamén hai que salientar algunhas obras de autores galegos como: *Proxecto pomba dourada* (1987) de Miguel Vázquez Freire; *Mi tía es verde* (1983) de Xosé Cermeño ou *Rapazas* (1993) de Agustín Fernández Paz, obra estruturada en relatos nos que se aborda explicitamente o uso sexista da linguaxe ou o peso dos estereotipos na educación do colectivo feminino.

## REFLEXIÓNS.

---

### Reflexións para a identificación do androcentrismo na literatura infantil e xuvenil.

---



*"A literatura é un río interior da terra que, de súpeto, sae e convértese, por exemplo, nun lago".*

Antonio Tabuchi.

*O profesorado, as nais, os pais e, en xeral, responsables da formación das alumnas e dos alumnos podemos, desde unha posición de guías, axudarlles no descubrimento do lecer.*

---

Con esta intención preséntanse, a seguir, unha serie de reflexións que consideramos incrementarán as posibilidades de ofrecerlles lecturas sen lles nega-lo poder de desenvolveren, como mulleres e homes, tódalas súas capacidades, cualidades, intereses e eleccións persoais, en igualdade de oportunidades.

Estas suxestións-guía, elaboradas a partir dunha análise de xénero, estrutúranse arredor de catro aspectos básicos: a adxudicación de espazos ós personaxes, o desempeño do papel protagonista, referencias á actividade laboral, caracterizacións de xénero sobre os personaxes de xénero masculino ou feminino.

#### Adxudicación de espazos en función do xénero:

A visión dicotómica da realidade e do espazo, propia da sociedade tradicional androcéntrica, leva aparellada a parcialización das esferas de relación humana nos dous únicos ámbitos posibles: o público e mailo privado. Esta presentación da realidade dicotómica -dentro/fóra- foi recreada abundantemente na literatura clásica, respondendo á tradicional división sexual do traballo.

Lembremos, por exemplo, as esixencias dos ananos a **Brancaneves**, poderían quedar asociadas a eles accións do tipo: "coidar da casa, lavar, cociñar, remendar a roupa e telo todo limpo e ordenado". Neste mesmo relato incorpórase a prohibición 'saír da casa' que será unha constante que seguen as heroínas nesta literatura e que neste conto se fai presente a través dunha orde expresa dos ananos: "non deixes entrar a ninguén". En oposición a estes mandatos tradicionais para o xénero feminino, os heroes masculinos parten frecuentemente na busca de



aventuras, mais alá do recinto do fogar. Os ananos saen fóra para traballar nunha mina. É dicir, na literatura clásica transmítese unha clara mensaxe de xénero: a elas -princesiñas, heroínas, etc.- correspóndelles desenvolverse na “esfera doméstica” e a eles, como integrantes do colectivo masculino, correspóndelle-lo “mundo e o espacio exterior”.

Outras veces, esta atribución estereotipada de espazos ós colectivos masculino e feminino refírese dun xeito máis sutil e artificioso. Así, cando a referencia espacial é un “bosque simbólico”, os personaxes masculinos serán quen de atravesalo e saír sempre vitoriosos da aventura. *Polgarcíño*, por exemplo, sairá coroado de éxito e de fortuna despois de se adentrar nun duro bosque. En contraposición, as figuras femininas non lograrán atravesalo “bosque simbólico” por si mesmas. Como exemplo disto serviránolo conto de Perrault, *Carapuchiña*, no que a protagonista, decidida a vulnerar un mandato de xénero, “saír do seu ámbito a un espacio prohibido”, atopará a morte. Na versión de Grimm, deste mesmo conto, Carapuchiña, ó igual cá súa avoa, será salvada por un personaxe masculino, neste caso un cazador.

Esta adxudicación estereotipada de ámbitos ou espazos ós colectivos masculino e feminino mantívose a través da literatura clásica, ata obras infantís e xuvenís contemporáneas. A autora Ursula Wölfel, refire extraordinariamente na súa novela xuvenil *El muro* (1960) as limitacións que sofren na literatura as personaxes femininas.

Tamén na actualidade, e con bastante frecuencia, as personaxes femininas mantéñense nun espacio interior, ben na casa realizando tarefas domésticas, ben xogando preto ou mesmo aparecendo tras fiestras e cercados. De saíren ó espacio exterior xogan, como moito, nun xardín rodeado por muros que as limitan e que elas saben que non poden nin deben traspasar.

Neste sentido, aínda que *Alicia no país das marabillas* puidese considerarse un exemplo excepcional de protagonismo feminino para o seu tempo, non debemos esquecer que Alicia só realiza unha viaxe onírica. Ó espertar do seu soño atópase no mesmo sitio no que adormecera e acompañada dunha adulta.

En contraposición á mobilidade espacial dos personaxes masculinos ænenos e adolescentesæ estiveron presentes, desde os inicios da literatura infantil e xuvenil ata hoxe, obras como *Robinson Crusoe*, *Gulliver*, *Oliver Twist*, *David Copperfield*, *Tom Sawyer*, *Pinocho*..., clásicos lidos por varias xeracións de nenas e nenos.

Unha visión diferente, neste aspecto, ó igual que vai suceder noutros, achegárona mulleres que escriben conscientemente “a prol das nenas”. Como exemplos posi-

tivos de personaxes femininas, donas do espazo exterior, contamos entre outras con obras como: *A expedición do Pacífico* (1994) de Marilar Aleixandre; *Caperucita en Manhattan* (1990) de Carmen Martín Gaité; *O segredo da pedra figueira* (1985) de María Xosé Queizán. Noutras ocasións, estas protagonistas non só exemplifican a liberación da reclusión nun ámbito, senón que emprenden a procura de mundos diferentes: *Año 35. Planeta Mary 2019 de la era cristiana*, de Adela Turin.

### Desempeño do papel protagonista:

A influencia de xénero na atribución do papel protagonista nas obras da literatura infantil e xuvenil mantívose practicamente inalterable ó longo da súa curta historia. Na literatura clásica, as personaxes femininas de apareceren neste papel non serán máis ca aparentes protagonistas; isto é, un pretexto para que o personaxe masculino poida evidencia-las súas cualidades estereotipadas: valente, activo, arriscado, salvador, protector, forte, independente..., deste xeito, este converteríase finalmente no verdadeiro protagonista dos relatos, aínda cando o título corresponda a unha personaxe feminina como *Cinsenta*, *Branca-neves*, etc.

Nenos e adolescentes varóns protagonizan, agás casos excepcionais, as obras dedicadas á infancia ó longo da historia literaria: *Robinson Crusoe*, de Daniel Defoe (1659-1731); *Gulliver*, de Jonathan Swift (1667-1745); *Pinoccio*, de Carlo Collodi (1826-1890); *Tom Sawyer e Huckleberry* de Mark Twain (1835-1910); *A illa do tesouro* de R. L. Stevenson (1850-1894); *El libro de la selva* de Rudyard Kipling (1865-1936), sen esquece-los protagonistas sempre masculinos das novelas de Emilio Salgari no propio século XX. Tamén hai escritoras que seguen esta pauta estereotipada de xénero e prefiren elixir personaxes masculinos para protagoniza-las súas novelas: *O pequeno lord* (1886) da escritora Frances Hodgson Burnett ou *As maravillosas viaxes de Nils Holgerson a través de Suecia*, de Selma Lagerlöf (1858-1940), obra considerada como *O quixote da infancia*, que mereceu o premio Nobel en 1909.

Unha obra clásica que non deixa de ser excepcional foi *Mulleriñas* (1868) de Louise May Alcott, protagonizada por catro mozas adolescentes. O seu contido, desde a análise de xénero, sorprende por aborda-lo traballo da muller de clase media e por presenta-la opción do celibato feminino como unha alternativa ó matrimonio. Entre as súas protagonistas destaca aquela que expresa o seu descontento por non ter nacido varón e poder así realizar aquilo que de verdade lle interesa: correr, saltar, escribir, ler ou mesmo mostra-lo seu forte carácter.

Entrado o século XX, abundan exemplos de autoras que escriben para o público infantil e xuvenil, pero que seguen sen crear protagonistas femininas, é o caso de, por

exemplo, Richmal Crompton que, no seu libro *Guillermo*, crea un neno traveso, atractivo e ocorrente; o da prolífica autora inglesa, Enid Blyton, que crea unha personaxe feminina que adopta actitudes e comportamentos non estereotipados; ou o da famosa *Jorgina a quen todos chaman Jorge*, que adopta para si mesma un nome de varón.

Como feito excepcional, cabería salientala figura feminina creada pola escritora Astrid Lindgren, Pipimediasslongas, unha nena protagonista que gracias ós seus poderes máxicos amosa autonomía, independencia e rebeldía ó vivir soa. Tamén se aborda a preocupación social que o seu "escandaloso" modo de vivir representa para a comunidade, que pretende recluíla nun orfanato.

Cando as nenas comezan a ter un protagonismo real, este papel non irá acompañado dun cambio substancial nas súas atribucións e funcións de xénero, que manterán pautas estereotipadas. Neste sentido, é moi ilustrativo o protagonismo de *Celia*, de Elena Fortún, (1886-1952), cando pregunta:



*"Ya me canso de ser Celia, y todos los días Celia (...) ¿siempre seré Celia, mamá?". -Siempre, aunque no igual que ahora. Serás mayor, te casarás, tendrás una casa como esta (...) y después serás viejecita".*

Haberá que agardar ata a década dos anos sesenta para ver nace-la primeira nena robinsona na literatura infantil e xuvenil universal na obra de Scott O'Dell, *A illa dos delfíns azuis*. Os seus protagonistas, un neno e unha nena, sobreviven gracias ás habilidades e á responsabilidade da súa protagonista feminina, a irmá maior.

Ó aborda-la análise da literatura máis actual aprécianse cambios; non obstante, é relativamente frecuente que o protagonismo feminino vaia acompañado dunha inversión nas atribucións e papeis estereotipados de xénero. Así, nenas e mulleres protagonizan obras literarias adoptando comportamentos e actitudes estereotipadas tradicionalmente como propias do colectivo masculino, perdendo con iso a oportunidade de visualizar e mesmo de valorar aspectos positivos que tradicionalmente tamén coidaron máis as mulleres. Isto ocorre, por exemplo, en *Julie y los lobos* (1978) de Jean Graighead George, unha excelente obra literaria ecologista protagonizada por unha adolescente esquimó valente, activa e dominadora.



*"... pouco importa que hoxe non existan prohibicións explícitas para as mulleres; pouco importa que xa non se lles prohiba ás mulleres isto ou estoutro, como pasou na nosa historia, se aínda hoxe se seguen educando sen que as persoas falen dos valores positivos das mulleres.*

*Se case ninguén o fai, será porque case ninguén o cre. ¿...?" .*

## Referencias á actividade laboral:

Como puidemos comprobar, nos séculos XVIII e XIX as personaxes femininas aparecen referenciadas en exclusiva no espazo interior, desempeñando funcións de coidado da casa e realizando tarefas domésticas. Nestes tempos, trala morte dunha muller era habitual que os maridos se interesasen na procura doutra muller que ocupase o lugar da nai desaparecida; outras veces, é a filla maior a que deberá colle-lo relevo, ocupándose do coidado das irmás e irmáns pequenos e do propio pai, aínda sendo moi nena para esas tarefas. *A vendedora de mistos* sería unha exemplificación clásica do referido.

Todo este ideario de xénero ficou nos libros dirixidos á infancia e posiblemente favoreceu, en gran medida, que ata o momento actual as nais na literatura aparezan como persoas servís, melancólicas, sufrintes e resignadas; en definitiva, sen iniciativa de seu. Este modelo, ó igual ca outros, crea expectativas de vida ben diferentes para as nenas e para os nenos e evidencia modos de discriminación sutís entre os colectivos masculino e feminino.

Ó longo do século XX, o feito de que as mulleres se vaian incorporando paulatinamente ó mundo do traballo e da cultura debería poder reflectirse na creación literaria.

A literatura infantil e xuvenil, deste xeito, faríase eco da relativa autonomía feminina, de outra maneira de estar no mundo, mais non ocorre así. As mulleres continúan a presentárselle á infancia como colectivo dun xénero que, maioritariamente e por excelencia, desempeña o papel de esposa ou de nai. Cando traballan fóra do seu fogar ocupan un tipo de profesións que son, dalgún xeito, a prolongación da función de atención e coidado doutras persoas, ou ben aquelas relacionadas co mundo da beleza e da estética.

A atribución estereotipada de xénero realizada na literatura infantil e xuvenil sobre o colectivo masculino determina que eles aparezan realizando actividades laborais retribuídas, que lles proporcionan autonomía e independencia, en diferentes empresas. Mentres, no fogar estes personaxes son pasivos, despreocupados, dependentes, descansan, len o xornal, arranxan o garaxe ou lavan o coche. Por poñer un exemplo do que estamos a dicir, no ano 1981 publicase en castelán *Papá oso vuelve a casa* de E. Holmelund. Os modelos de xénero que presenta esta obra son totalmente caducos, a pesar da súa contemporaneidade. O pai na casa le o xornal, mentres que a nai está na cociña e o fillo, o pequeno osiño, aprende a pescar. Trátase, pois, dunha división do sistema social do traballo tremendamente inxusta e arbitraria, e que non mostra a igualdade de oportunidades entre xéneros para desempeñar actividades en función das capacidades, potencialidades e eleccións persoais de cadaquén.

*Rosalinde tiene ideas en la cabeza* (1.984) de Christine Nöstlinger; *El bolso amarillo* (1960) de Liygia Bojunga Nunes ou *La chaqueta remendada* (1980) de Adela Turin constitúen exemplos da liña apuntada no parágrafo anterior. Obras protagonizadas por nenas reflexivas, enxeñosas e intelixentes que reclaman a igualdade de dereitos e oportunidades para poder elixir entre un amplo abano de profesións ou ocupacións consideradas tradicionalmente como masculinas. Na mesma liña, entre a recente literatura galega encadraríamos *Ela era unha princesiña*, de Sabela Álvarez Núñez. Trátase de textos que propoñen unha revisión do modelo de vida estereotipado tradicionalmente para homes e mulleres, ó tempo que unha redistribución libre e equitativa do traballo.

Nesta medida, deberíamos seguir agardando a que, cada vez en maior medida, nenas e nenos poidan contempla-la recreación da realidade na que conviven personaxes literarias, masculinas e femininas, que teñan incorporados valores básicos para a convivencia en igualdade de oportunidades; isto é, nenas, rapazas, mulleres intelixentes, competentes e brillantes, imaxinativas e creativas, dotadas para as matemáticas, as ciencias e as artes e ó tempo, homes, rapaces e nenos deberían poder ser presentados como seres afectivos e sensibles, amables e incluso, ás veces, débiles de carácter ou mesmo tímidos e coquetos. Se isto é unha realidade, ¿que impide traelos á fantasía?

### Caracterización dos personaxes de xénero masculino e feminino:

Revisando a literatura infantil e xuvenil producida no século XX resulta relativamente frecuente atopar atribucións estereotipadas de xénero sobre os personaxes; tópicos tradicionais discriminatorios segundo os cales as nenas son presentadas “case por natureza” como pouco hábiles, fráxiles, tímidas e dependentes e os nenos como fortes, valentes, activos, protectores, salvadores e campións.

Noutras ocasións, mantéñense descrições literarias en referencia exclusiva a un dos xéneros. Así, cando aparecen aspectos relacionados coa presenza física como a pel delicada e fina, o peiteado, os abelorios, os enfeites, etc. refírense sistematicamente a unha personaxe feminina. Outra exemplificación no mesmo sentido atoparíamola ó analiza-lo significado da vestimenta sobre o personaxe; os vestidos das nenas, das rapazas e das mulleres aparecen como un atributo máis do seu sexo, mentres que os dos personaxes masculinos serven basicamente para caracteriza-la súa condición social.

Non é doado atopar textos que rachen con estereotipos discriminatorios comentados, aínda cando os seus efectos sobre o xénero feminino poderían supor, en boa

medida, reducíla-las nenas, as rapazas e as mulleres á condición de obxectos sexuais, ó seren valoradas non polo que son, senón polo seu atavío ou coquetería. Na mesma medida, tampouco resulta sinxelo encontrar relatos onde os nenos sexan presentados como persoas con capacidade para mostra-la súa sensibilidade ou afectividade; isto é, como persoas afectuosas, amables e coidadosas. *Oliver Button es una nena* (1979), de Tomie de Paola podería ser unha exemplificación doutro facer literario. O protagonista creado por esta autora remata destacando como bailarín e isto fai que logo sexa valorado como “un fenómeno” entre os seus.



*¿Por que lles seguen gustando tanto os contos da literatura clásica ós nenos e ás nenas?*

Polo que respecta á literatura clásica, as referencias ó colectivo feminino están contextualizadas nunha visión bipolar da muller propia dunha cultura androcéntrica tradicional. Así, as personaxes femininas pertencen a dúas categorías fundamentais: as boas (princesas, raiñas, fadas...) e as malas (bruxas, madrastas, meigas...).

As características que definen as personaxes femininas nesta literatura fan referencia a unha colección de virtudes e dons que hoxe sabemos que non son exclusivos dun determinado xénero. As mulleres, ó longo dos séculos e da tradición literaria, son incorporadas á creación literaria en virtude da súa beleza, humildade, bondade, pasividade, submisión, resignación, dependencia, indefensión, inocencia, falta de iniciativa e, de non responder a este arquetipo tradicional de xénero, a personaxe feminina recibe o castigo exemplarizante; por exemplo, *Carapuchiña* é atacada polo lobo por adentrarse e deterse no bosque desobedecendo a súa nai; un exemplo de submisión atopariámolo en *Pel de asno*, onde Griselda, a súa personaxe feminina, acepta, submisiva e resignadamente, os malos tratos que lle procura o príncipe.

Con relación á caracterización estereotipada das personaxes, resulta curioso observar cómo as atribucións chegan a facerse extensivas ós comportamentos con obxectos e animais de compañía. Resulta frecuente que rapazas e rapaces estean acompañadas dun can, dunha gata, dun hámster... e curiosamente, mentres que eles lles ensinan ós animais habilidades adestrándoos, elas non parecen ensinarlles máis que a seren tratados con agarimo, ademais de alimentalos e de lles da-los coidados precisos. De seren estes últimos animais habilidosos, esa capacidade é presentada como algo natural e non froito da aprendizaxe que a súa ama lle puido procurar. Roal Dalh evidencia isto en *As bruxas*. Nesta obra, o protagonista adestra a dous hámsters. Cando a gran bruxa descobre os animais, axiña saberá que pertencen a un neno e non a unha nena, precisamente por estaren domesticados.

*Arturo y Clementina* (1976), *Historia de bonobos con gafas* (1976), *Historia de unos bocallos* (1977), *Rosa caramelo* (1978), *Planeta Mary 2019 de la era cristiana* (1980), *La chaqueta remendada* (1980), *Las hierbas mágicas* (1980), de Adela Turín son obras que exemplifican as posibilidades da creación literaria para ofrecer arquetipos femininos non estereotipados cos que as nenas e as mulleres se poden seguir identificando ó longo dos tempos desde a súa propia autonomía, valoración e independencia. O mundo das relacións entre as mulleres son mostradas por esta autora desde a solidariedade e a colaboración, superando o narcisismo e a rivalidade, comunmente estendida como un aspecto negativo e propio do xénero feminino.



*“Hai dúas clases de nenas e nenos que len: aquelas e aqueles que o fan para a escola, porque ler é o seu exercicio, o seu deber, o seu traballo (agradable ou non, iso tanto ten); e quen le para el ou ela mesma, por gusto para satisfacer unha necesidade persoal de información (qué son as estrelas, cómo funcionan as billas...) ou para poñer en acción a súa imaxinación. Para “xogar a” sentirse unha crianza orfa, perdida no bosque, pirata ou aventureira, india ou cowboy, exploradora ou xefa dunha banda. Para xogar coas palabras. Para nadar no mar das palabras segundo lles pareza”.*

Gianni Rodari.

## FICHA DE LECTURA E VALORACIÓN.

### Identificando estereotipos de xénero nas obras da literatura infantil e xuvenil.

Título.....  
Autoría.....  
Editorial.....Ano da edición.....

1. Referénciase no título da obra a un personaxe de xénero feminino ou masculino.
2. Protagonismo masculino, feminino, compartido.
3. Número de personaxes de xénero feminino ou masculino.
4. Actividades realizadas por mulleres-nenas, homes-nenos no ámbito privado. *(Fixarse se executan actividades fundamentaisænon de colaboración ou axudaæ para o mantemento da casa, da familia e se coidan, alimentan ou asean persoas dependentes: criaturas, anciás, enfermas...).*
5. Profesións desempeñadas polas personaxes femininas e polos masculinos. *(Intentar clasificar se se trata de actividades remuneradas ou non remuneradas, en postos de responsabilidade ou en postos de subordinación, tarefas intelectuais ou manuais, se son profesións tradicionalmente masculinizadas ou feminizadas...).*
6. Actividades de ocio e tempo libre que realizan as personaxes femininas e os masculinos. *(Atender ó tipo de xogos e xoguetes, deportes, actividades recreativas..., e ter en conta se implican acción, movemento...).*
7. Papel de xénero desempeñado polas diferentes personaxes, de xénero feminino e masculino, nos diferentes espazos de relación: ámbito escolar, ámbito profesional, participación social e política, etc. *(Atenderemos, asemade, ó espacio no que se producen: ámbito público ou ámbito privado).*
8. Descrición física e do vestiario das personaxes femininas e dos personaxes masculinos. *(Fixarse no tratamento e nas descrições físicas que se presentan e na súa consonancia do arquetipo de xénero. Os vestidos nun colectivo de xénero preséntanse como un atributo máis da persoa, mentres que noutro xénero serven de caracterización da condición social).*
9. Características psicoafectivas e de comportamento que presentan as personaxes de xénero feminino e masculino. *(Valores ós que fan referencia).*
10. Usos da linguaxe. *(Fixarse na permanencia de usos discriminatorios, como a utilización do masculino como xenérico universal, a existencia de salto semántico no discurso, etc.).*





## BIBLIOGRAFÍA.

---

---

---

- ASKEW e ROSS: *Los chicos non lloran. El sexismo en la educación*, Ed. Paidós Educador, Barcelona, 1991.
- BAR MOURELLE e outras autoras: *Educar para a igualdade a través da literatura infantil*, Ed. Lea, Compostela, 1998. (Col. Cadernos Didácticos).
- BLANCO, Carmen: *Literatura galega da muller*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1991.
- BLANCO, Carmen: *Escritoras galegas*, El Correo Gallego, Compostela, 1992. (Colec. Biblioteca 114).
- GIANINI BELOTTI, Elena: *A favor de las niñas*, Monte-Ávila Editores, Barcelona, 1978.
- Monográfico: *La mujer en la literatura*, Camp de l'arpa, Revista de Literatura, nº 47, febreiro, 1978.
- Monográfico: *Nenas en Festa da Palabra Silenciada*, nº 5, 1988.
- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE. SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: *O centro educativo. Un espacio para a igualdade entre nenas e nenos*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2000.
- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE. SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: *Guía de boas prácticas editoriais*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2002.
- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE. SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: *Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na Administración pública*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2000.
- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE. SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: *Comunica igualdade: linguaxe non discriminatoria nos medios de comunicación*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 1999.
- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE. SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: *Foro galego de educación para a igualdade*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2000.

- SERVICIO GALEGO DE IGUALDADE. SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE: *Igualmente diferentes. Congreso nacional de educación en igualdad*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2000.
- WOOLF, Virginia: *Las mujeres y la literatura*, Ed. Lumen, Barcelona, 1979.

